



Asociación Profesional do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais

Antigo Grupo Escolar, local 3

Devesa, Codeseda, 36684 A Estrada, Pontevedra

www.apropiga.org ; e-mail:info@apropiga.org

tfn. 609 886 662

Dende a asociación Apropiga queremos manifestar o noso rexeitamento á pretensión da Consellería de Medio Rural da contratación do servizo integrado de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais durante as precampañas e campañas dos anos 2013 e 2014 que se ven de adjudicar á UTE (Unión Temporal de Empresas) Inaer-Natutecnía.

En resolución do 28 de xaneiro de 2013, a Consellería de Medio Rural declara deserto o concurso aberto para a prestación do servizo integrado de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais durante as campañas 2013 e 2014. O orzamento do citado concurso era de 12,3 millóns de euros.

Tras declarar deserto este concurso ó que se presentaron dous licitadores, a propia UTE -agora adjudicataria- e Helibravo aviación, por non cumprir os requisitos do concurso ningunha delas, a Consellería ven de adjudicar cun procedemento negociado e sen publicidade o servizo a Inaer-Natutecnía.

Esta argucia é máis digna dun país carente de dereito administrativo ca dun país que quere facer gala dunha transparencia nas contratacións e que presume do seu procedemento administrativo.

É absurdo declarar un procedemento deserto e despois adjudicalo, en sala pechada, a unha das empresas concursantes. ¿Para qué existen entón as enmendas e correccións nos concursos se non é para que as empresas concursantes subsanen o que a administración crea convinte?

Se a administración declara deserto un concurso para a prestación dun servizo porque ningunha empresa cumpre os requisitos que a administración desexa, só lle queda a administración o camiño de prestar ela mesma ese servizo.

Dende esta asociación esiximos do goberno galego que anule o contrato con Inaer-natutecnía e que retome as contratacións de persoal a través dos servizos públicos que neste momento está a privatizar tan beneficiosamente para unha empresa que é caseque un monopolio na extinción de incendios en España, levando a extinción practicamente alí onde o PP goberna.

Esiximos que esas brigadas sexan reemplazadas polos servizos públicos da propia consellería, o SPDCIF (servizo de prevención e defensa contra incendios forestais e servizo estrutural da Xunta de Galicia) e PLADIGA (Plan de defensa contra incendios de Galicia, servizo de reforzo da propia Xunta de Galicia).

Advertimos á consellería de que, de non realizar estas contratacións, estaría incurrindo en fraude de lei, ó externalizar un servizo, namentres o seu propio persoal fixo-discontinuo está sen traballo.

Tamén queremos secundar a denuncia feita por Cig-Administración da existencia de helicópteros da agora concesionaria nas bases, antes de que o propio servizo fora adjudicado, e plantea unha cuestión de máis que dubidosa legalidade.

Por todo isto, emplazamos á consellería de Medio Rural a que anule este procedemento viciado e retome os servizos públicos e a transparencia na contratación para garantir o mellor aproveitamento dos impostos de todos os contribuintes.

Para máis información

Roberto Jorge Correa (vicepresidente de Apropiga). Teléfono:615601036

Nota: Remitimos como documentos adxuntos os pregos técnico e administrativo do concurso declarado deserto, así como a Resolución publicada no Dog sobre o mesmo asunto.